

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA Y CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, JUSTICIA Y DEPORTES DE LA XUNTA DE GALICIA Y LA ASOCIACIÓN AIDA, AYUDA, INTERCAMBIO Y DESARROLLO PARA MEJORA DE LA ATENCIÓN A NIÑOS Y NIÑAS CON DIVERSIDAD FUNCIONAL EN GUINEA BISSAU

(1) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Unha das prioridades establecidas na Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no seu artigo 85.2 establece que a Cooperación Galega intervirá prioritariamente, entre outros, no ámbito do exercicio dos dereitos sociais básicos polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables

O IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021, actualmente prorrogado, reconece un dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega é a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos, como a saúde, a educación, alimentación, hábitat y auga y saneamento básico.

(2) Antecedentes: AIDA é unha organización non governamental para o desenvolvemento (ONGD) que traballa desde a súa fundación, para mellorar a calidade de vida das poboacións mais desfavorecidas dos países en vías de desenvolvemento e converter os Dereitos Humanos nunha realidade universal, executando proxectos de cooperación e acción humanitaria e involucrando a expertos e profesionais ao servizo do desenvolvemento. AIDA se atopa inscrita no Rexistro de Axentes Galegos de Cooperación para o Desenvolvemento, desde o ano 2008 co nº A-174. AIDA comezou a presentar proxectos para o financiamento da Xunta de Galicia dende o ano seguinte á inscrición no Rexistro de Axentes de Cooperación. Dende o 2009 ao 2018 ten xestionado un total de 740.052,00€, fundamentalmente destinados a proxectos no exterior en Guinea Bissau e de acción humanitaria no Líbano.

(3) Finalidade Establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a entidade Aida, Ayuda, Intercambio Y Desarrollo para a mellora da atención a nenos e nenas con diversidade funcional en Guinea Bissau”.



(4) O convenio ten por obxecto contribuír a cubrir os problemas e lagoas existentes nos servicios de rehabilitación en Guinea Bissau. As consecuencias de non contar con servicios de rehabilitación cunha mínima calidade asistencial impactan de xeito moi negativo na calidade de vida e na posibilidade de levar unha vida digna de moitas persoas, especialmente sobre os nenos e nenas con diversidade funcional.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, e as partes son conscientes de que é preciso aunar esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e os dereitos da poboación afectada.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 60.000,00 € (sesenta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Por delegación de sinatura de 27 de xullo de 2022

A Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior

Pilar Romero Rodríguez

